

Profesorado morto por mor da represión franquista

Presentamos a relación de profesorado morto como consecuencia da represión practicada polo franquismo. Suman en total 100 persoas, das cales 98 son homes e dúas mulleres: Mercedes Romero Abella e María Vázquez Suárez.

A maioría, en concreto 77, eran mestres e mestras que estaban á fronte dunha escola pública en xullo de 1936; rexístrase o seu nome, a idade e a escola en que exercían, así como a modalidade de morte que padeceron, o lugar en que se produciu e o ano. Entre os 23 restantes, 17 tamén eran mestres, pero non exercían en Galicia, estaban en excedencia ou ben traballaban no ensino privado ou noutras ocupacións; un era profesor de Maxisterio e outro alumno normalista, e só catro carecían de relación co ensino primario. Existe constancia dalgunhas outras mortes, aínda que non as incluímos por seren moi escasas e imprecisas as referencias de que se dispón.

Pertencían á provincia da Coruña —ou morreron nela— 39 persoas, 30 a Pontevedra, 16 a Ourense e 15 a Lugo. A idade media para o conxunto de Galicia era de algo máis de 35 anos.

Foron “paseados” 48 profesores e dúas profesoras e executados 38, rexistrándose un equilibrio entre ambas modalidades en Lugo, un predominio das execucións en Pontevedra e moitos máis “paseos” que execucións na Coruña, e sobre todo en Ourense, cando menos en termos relativos. Catro persoas morreron no cárcere, tres por mor das malleiras sufridas, dúas suicidáronse e de tres carecemos de información.

As máis das mortes con data coñecida, concretamente 62, concentráronse en 1936, 21 tiveron lugar en 1937, 4 en 1938, 2 en 1939, 2 en 1940 e 1 en 1941. Así pois, o 67% producíronse no segundo semestre de 1936, e o 90% antes de se iniciar 1938. Con todo, en anos sucesivos aínda seguirán rexistrándose mortes, coma a de José Gómez Gayoso, secretario do Partido Comunista en Galicia, a quen se lle aplicou o garrote vil en 1948.

A listaxe que presentamos está elaborada a partir das investigacións realizadas polos historiadores e historiadoras que traballan neste campo, algúns de cuxos resultados se condensan na base de datos *Nomes e Voces*. Somos conscientes de que non é exhaustiva, e de que algúns datos non son todo o fiables que nos gustaría, polo que pedimos desculpas. En todo caso, aspiramos a que entre todos e todas poidamos ir completando esta relación, que á súa vez dá continuidade a outras.

A CORUÑA

Maxisterio público en exercicio na provincia en xullo de 1936

Nome	Idade	Escola onde exercía	Morte			Ano
			P	E	Concello	
Pedro Almazán Ramos	27	O Val (Narón)	X		Ferrol	1936
Enrique Alonso Teijeiro	23	Cedeira		X	Ferrol	1936
Rodrigo Álvarez Gantes	30	Escarabote (Boiro)		X	Santiago	1937
José Ambrós Gordillo	36	Vilarrube (Valdoviño)	X		Ferrol	1936
Fernando Barcia Beiras	52	Ameneiro (Teo)		X	Santiago	1938
Angel Caamaño Villaverde	27	Toba (Cee)		X	Santiago	1937
José Caballero Rubio		Abanqueiro (Boiro)	X		Ponteareas	1936
José R. Fernández Barral	37	Pontedeume	X		Ares	1936
Rafael Fernández Casas	34	Souto (Sada)	X		Cesuras	1936
Ramón A. Figueroa Vilachá	33	Sésamo (Culleredo)		X	A Coruña	1940
José García Fernández	42	Ordes		X	Santiago	1937
Juan García Niebla	60	A Graña (Ferrol)	X		Ferrol	1936
Julián Hermida Montoya	29	A Coruña	X		Carral	1936
Jesús Álvaro López Brenlla	24	Louro (Muros)	X		Muros	1936
Manuel López González	26	Atios (Valdoviño)	X		Ferrol	1936
Pedro López Vázquez	44	San Mamede (Carnota)		Malleira	Carnota	1937
José Losada Castelao	45	Rianxo		Suicidio	Vigo	1937
Bernardo Mato Castro	49	Teo		Malleira	A Estrada	1936
Eugenio Meizoso Nuñez	28	Sedes (Narón)	X		Narón	1936
José Novás Soto	29	San Clodio (Ortigueira)	X		Ferrol	1936
Rafael Pardo Carmona	37	Serres (Muros)		X	Santiago	1936
Rufino Redondo Senra	24	Devesos (Cerdido)		X	Ferrol	1936
Manuel Rodríguez Castelao	31	O Pazo (Rianxo)		Suicidio	Vigo	1937
Mercedes Romero Abella	29	A Coruña	X		Aranga	1936
Manuel Santeiro Boo	33	Ortigueira	X		A Coruña	1936
Reinaldo Sarria Delgado	34	Aviño (Valdoviño)		Malleira	Valdoviño (?)	1941

María Vázquez Suárez	33	Miño	X		Miño	1936
----------------------	----	------	---	--	------	------

Outro profesorado

Eugenio Carré Naya	20	Mestre (Secretario de FETE-UGT)	X		A Coruña	1936
Francisco Gómez Blanco	23	Mestre (natural da Coruña)	X		Culleredo	1936
Andrés González Guianes	28	Mestre (natural de Santiago)	X		Teo	1936
Leonardo Martínez Novo	25	Mestre (Col. Curros Enríquez, Pontedeume)	X		Pontedeume	1936
Manuel de Pazos Fernández	27	Mestre (natural de Ferrol)	X		Ferrol	1936
Vicencio Prieto Ramos	24	Mestre (natural de León)		X	Ferrol	1937
Ramón Tajés Lago	27	Mestre (natural de Muros)		X	Asturias	1938
Luis Rastrollo González	28	Normalista (Santiago)		X	Santiago	1936
Manuel Rodríguez Méndez		Mestre	X		Ferrol	1936
Leandro Carré Brandariz		Escola de Traballo (A Coruña)			Asturias	1937
Gerardo Abad Conde	55	Escola de Comercio (A Coruña)	X		Madrid	1936
Luis Rufilanchas Salcedo	27	Universidade (Madrid)		X	A Coruña	1937

LUGO

Maxisterio público en exercicio na provincia en xullo de 1936

Nome	Idade	Escola onde exercía	Morte			Ano
			P	E	Concello	
Juan Abramo Dios	28	A Igrexa (A Pobra do Brollón)	X		Pobra Brollón	1936
Hermenegildo Alonso Sánchez	38	Vilaoudriz (A Pontenova)	X		A Pontenova	1939
Ramón Bou Gil	37	Castillón (Ferreira de Pantón)	X		Monforte	1936
José Costa Pardo	29	San Román-Vilaestrofe (Cervo)			Cárcere Lugo	1939
Angel Fraga Orosa	38	Vieiro (Viveiro)		X	Lugo	1936
José María Gallo y Gallo	25	A Pontenova		X	Lugo	1937
David Labrador Zuil	35	Vilaoudriz (A Pontenova)		X	Lugo	1936
Antonio Lafuente Jiménez	27	Muras		X	Lugo	1937
César Margolles de la Vega		Benquerencia (Barreiros)	X		Asturias	
Emilio Muiños Guerra	50	Vilacaíz (O Saviñao)	X		Paradela	1937

Antonio Palmeiro	51	Luaces (Pol)	X			1936
Evaristo Pereira Rubio	61	Sarria		X	Lugo	1937
José Ramos López	25	Lugo (?)		X	Lugo	1936
Arximiro Rico Trabada	32	San Bernabel (Baleira)	X		Castroverde	1937

Outro profesorado

Ignacio Álvarez Álvarez	30	Mestre (Navia de Luarca)		X	Lugo	1936
-------------------------	----	--------------------------	--	---	------	------

OURENSE

Maxisterio público en exercicio na provincia en xullo de 1936

Nome	Idade	Escola onde exercía	Morte			Ano
			P	E	Concello	
Rafael Alonso Rodríguez	34	Amoeiro	X		Maceda	1937
José L. Bouzas Fernández	30	Flariz (Monterrei)	X		A Gudiña	1936
Antonio Caneda Rodríguez	31	Medos (S. Xoán de Río)	X		O Irixo	1937
Antonio Dopazo Fernández	27	Tirós (Pereiro de Aguiar)	X		Ribadavia	1936
Julio González Álvarez	25	Gontán (Verea)	X		Verea	1936
Amadeo López Bello	32	Beiro (Carballeda de Avia)	X		Verea	1936
Eligio Núñez Muñoz	30	Cambeo (Coles)	X		Montederramo	1936
Camilo Palmeiro Fernández		Corzos (A Veiga)	X		A P. de Trives	
Justo Prada López	55	Córgomo (Barco de Valdeorras)		X	Xixón	1937
Longinos Rodríguez de la Iglesia		Regueiro (Boborás)	X		O Carballiño	
Félix Salgado del Moral		Castrelo do Miño		X	Fóra de Galicia	
Francisco Sierra Rodríguez	52	Mosteiro (Xinzo)	X		Allariz	1936

Outro profesorado

Manuel Gómez del Valle	30	Mestre		X	Ourense	1936
Gonzalo Martín March	39	Mestre (Gobernador civil Ourense)		X	Ourense	1936
Eduardo Villot Canal	28	Mestre (Colexio Sueiro de Ourense)	X		A Bola	1936
Jacinto Santiago García	42	Escola de Maxisterio (Ourense)	X		Montederramo	1936

PONTEVEDRA

Maxisterio público en exercicio na provincia en xullo de 1936

Nome	Idade	Escola onde exercía	Morte			Ano
			P	E	Concello	
Segundo Abal Padín	25	Castrogudín (Vilagarcía)		X	Pontevedra	1938
Germán Adrio Mañá	48	Pontevedra		X	Pontevedra	1936
Juan Alonso Pérez		Arbo	X		Cotovade	1936
Joaquín A. Álvarez Álvarez	43	Pazos (Arbo)		X	Vigo	1936
José Cortés Fernández	39	Goián (Tomiño)		X	Pontevedra	1936
Victor Fraiz Villanueva	50	Coia (Vigo)		X	Vigo	1937
Hipólito Gallego Camarero	39	Forcadela (Tomiño)	X		Mondariz	1936
Constantino Gómez Rodríguez	25	Setecoros (Valga)		X	Pontevedra	1937
Manuel Guillán Abalo	34	Moreixas (Lalín)	X		A Estrada	1936
Manuel Iglesias Filgueira	31	Xinzo (Pontearreas)	X		Pontevedra	1936
Manuel Jesús Juncal Paredes	38	O Porriño	X		Vigo	1937
José Meis Martínez	42	O Seixo (Marín)		X	Pontevedra	1937
Antonio Mojón Vázquez	21	A Cañiza		X	Vigo	1936
Eduardo Muíños Búa	39	Xeve (Pontevedra)		X	Pontevedra	1936
Paulo Novás Souto	36	Pontevedra		X	Pontevedra	1936
Manuel Pedreira Pazos		Meavía (Forcarei)	X			1936
Jesús Eugenio Pérez Pérez	39	Achas (A Cañiza)		X	Vigo	1936
Benigno Rey Pavón	27	Pontevedra		X	Pontevedra	1936
Alfonso Rodrigo Méndez	41	Padriñán (Sanxenxo)				1936
Vicente Sáez Ruíz		Coiro-Pósito (Cangas)	X			1936
Víctor Sánchez Martil	38	Coiro (Cangas)		X	Pontevedra	1936
Apolinar Torres López	41	Vigo		X	Vigo	1936
Víctor Trabazo Serapio		Xill (Meaño)	X			
José Vázquez Grela	50	Nigrán	X		Nigrán	1936
Nicanor Villar Martínez	36	Mazaricos	X		Caldas de Reis	1936

Outro profesorado

Manuel Barros Pérez		Mestre (Vilagarcía)	Cárcere	Illa San Simón	
José María Fernández Inclán	27	Mestre (Asturias)	X	A Guarda	1938
Manuel de la Rica Calderón	68	Mestre	Cárcere	A Guarda	1940
Valentín Soriano Moreno	63	Mestre	Cárcere	Illa San Simón	
José Caldas		Escola de Traballo (Vigo)			

P= Paseado; E=Executado